

Expediente núm.: 5368/2025

EMPORCARTE 2026

BASES DA CONVOCATORIA

EMPORCARTE – Lalín 2026. Presentación de Obras Plásticas

1. Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto convocar a presentación de obras plásticas para seren exhibidas no marco de **emporcARTE – Lalín 2026**, iniciativa cultural destinada a promover a creación artística contemporánea e a difusión do talento local e galego.

2. Persoas destinatarias

Poderán participar:

- Artistas maiores de 18 anos.
- Profesionais ou emerxentes, de forma individual ou colectiva.
- Sen límite de procedencia, aínda que se valorará a vinculación con Lalín e a contorna do Deza.

3. Modalidades admitidas

As obras deberán ser orixinais, inéditas ou con exhibición previa non problemática para a súa participación, en calquera dos seguintes formatos:

- Pintura
- Escultura
- Fotografía artística



- Instalación
- Arte dixital
- Arte textil
- Ilustración
- Técnicas mixtas

4. Temática

A temática é libre gardando relación con:

- A Feira do Cocido de Lalín, entendida no sentido amplo e total.

5. Número de obras

Cada artista poderá presentar un máximo de **dúas obras**.

6. Características técnicas

- As obras deberán **estar listas para a súa instalación** ou colgado.
- Dimensións máximas recomendadas:
 - Bidimensionais: 200 × 200 cm
 - Tridimensionais: 150 × 150 × 150 cm
- As obras dixitais deberán achegarse en formato reproducible.

7. Prazo e forma de presentación

A solicitude presentárase enviando un correo electrónico a museo@lalin.gal co asunto *EMPORCARTE 2026 – Candidatura* e incluírá preferiblemente:



1. Ficha técnica da obra, obrigatoria (título, técnica, ano, medidas, valoración económica).
2. Imaxes de alta calidade, obrigatorias, (mín. 2 por obra).
3. Descrición conceptual da obra, obrigatoria, (máx. 1.000 caracteres).
4. Curriculum artístico resumido, opcional, (máx. 1 páxina).
5. Datos persoais e de contacto, obrigatorios.
6. Confirmación sobre a asistencia ao Cocido das Artes o 14 de febreiro.

Prazo: do 10 de xaneiro ao 10 de febreiro de 2026.

É posible comunicarse por teléfono co 986784004, para confirmar asistencia ou resolver dúbidas sobre o proxecto.

8. Criterios de selección

O comité admitirá as propostas que se axusten a temática descrita, con calidade artística e orixinalidade, así como viabilidade expositiva no espazo asignado. Resérvase o dereito a non admitir obras que non se inseran na temática, non inéditas, ou entregadas fóra de prazo.

9. Exposición e recollida de obras

- As obras seleccionadas formarán parte da exposición **Emporcarte – Lalín 2025**, que terá lugar entre os días **14 febreiro e 18 de abril de 2026**.
- Os artistas deberán entregar e recoller as obras nas datas indicadas, **responsabilizándose de recollelas con data límite do 30 de abril de 2026**. Se non son retiradas neste prazo, pasarán a formar parte dos fondos do Museo Ramón M^a Aller.



10. Responsabilidade

- A organización comprométese coa custodia das obras, mais non se fai responsable de danos alleos á súa xestión. O artista poderá achegar póliza de seguro propia.

11. Contraprestación

A participación é **non remunerada**, pero inclúe:

- Certificado de participación.
- Difusión nas canles oficiais do Concello de Lalín e do Museo Municipal.
- Inclusión no catálogo dixital da exposición.

12. Dereitos de imaxe

As persoas participantes autorizan o uso de imaxes das obras para a promoción da actividade, sempre citando autoría.

13. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria implica a aceptación íntegra das presentes bases.

